

## **MANIFESTO DA CAMPAÑA PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA DÍA INTERNACIONAL CONTRA O USO INDEBIDO E O TRÁFICO ILÍCITO DE DROGAS 2019**

Hoxe, día 26 de xuño, Galicia súmase ao Día Internacional contra o consumo indebido e o tráfico ilícito de drogas instaurado pola ONU. Sociedade, goberno da Xunta de Galicia, institucións e concellos galegos, chamados a participar a través da Federación Galega de Municipios e Provincias -FEGAMP- súmanse a esta data.

En Galicia conmemoramos este día co símbolo das bandeiras brancas como aposta por unha vida saudable, unha vida limpa que enriquece ás persoas, fronte ó escuro mundo das adiccións e o tráfico de drogas. E facémolo cun recordo especial para todas as persoas que perderon ou arruinaron as súas vidas por mor da adición ás drogas. Para as vítimas e as súas familias, para os que loitan por reconstruír as súas vidas.

Que nesta sociedade temos un problema moi grave coas drogas é máis que evidente. Vivimos malos tempos porque en moitos ámbitos asúmese como normal a inxesta de alcohol e outras drogas coma sinónimo de diversión. E nada máis lonxe da realidade. O culto ó alcohol e outras sustancias comporta graves danos para a saúde das persoas, con implicación directa en accidentes de tráfico, violencia de xénero, abusos sexuais e incluso fracaso escolar. Denunciamos, como tamén se fai tamén a nivel estatal, o incremento das adiccións sen sustancia entre menores e mocidade. O xogo, tanto presencial como online, avanza perigosamente sen unha lexislación que limite a proliferación de salas e regule a publicidade das apostas online.

Neste día internacional, fagamos unha aposta pola saúde. Gobernos e cidadáns. En cada casa, en cada familia, en cada grupo de amigos fomentemos o deporte, a música, a cultura, o ocio e as actividades compartidas para disfrutar do verán e da vida cos cinco sentidos.

Saudamos aos novos gobernos, froito das recentes eleccións e instamoslles a poñerse a traballar de inmediato con programas e accións concretas, con políticas decididas de Prevención e Educación. A saúde e a seguridade das persoas deben ser unha prioridade.

Pola outra parte, en Galicia seguen a confluír os problemas de adicción as drogas xunto coa existencia de importantes redes criminais adicadas ó narcotráfico. No actual escenario de sobreproducción mundial, traficantes de medio mundo seguen tendo a Galicia na súa diana e miles de kilos seguen entrando polas nosas costas hacia Europa.

Neste contexto, o rexeitamento social é un factor de suma importancia e no que Galicia -co esforzo de todos e o sufrimento de moitos- comenza a ser un referente. Atrás quedan os tempos nos que o narcotráfico contaminaba a toda a sociedade. Nesta terra sabemos desde fai moito tempo que os narcotraficantes non son heroes, nin filántropos, senon delincuentes rexeitados pola sociedade galega. Sen dúbida que temos avanzado, pero non é suficiente. Se queremos realmente mellorar as cousas, temos que ir máis adiante.

Seguemos a ollar con máxima preocupación a reiteración no delito de moitos traficantes, criminais multirreincidentes, que unha e outra vez entran e saen do cárcere aproveitando facilidades legais para seguir traficando con drogas. E traspasando este sinistro negocio de pais a fillos, e de fillos a netos. Porque a pesar dos pesares, parece que a algúns aínda lles sae rentable. Intolerable. Un grave perigo para a nosa seguridade que non debemos nin podemos permitir.

Crime organizado, axustes de contas, branqueo de capitais, corrupción, mafias internacionais, terrorismo, morte, destrucción, sufrimento... asentanse alí donde prospera o narcotráfico. Combatir esta ameaza debe ter a máxima prioridade para todos, sociedade e gobernos.

Por todo iso, dicimos unha vez máis -alto e claro- que en Galicia non queremos drogas nin narcotraficantes.

Ribadumia, 26 de xuño de 2019

Día Internacional contra o Uso Indebido e o Tráfico Ilícito de Drogas